

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de outubro de 2022**

Ás 18.00 horas do día 20 de outubro de 2022, réunese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de setembro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 22 de setembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CONSTRUCCIÓN NA PROVINCIA DE OURENSE DUN CEMITERIO INTERCULTURAL SUPRAMUNICIPAL

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, da lectura ao contido da moción.

Don Bernardo Varela, manifesta que ten dúbidas sobre se ten que ser a Deputación a que debe cubrir esta necesidade. E unha administración supramunicipal, pero logo teremos a dúbida de onde o poñemos. Non sabe se a capitalidades podería asumilo. Considera que é un debate interesante sobre as posibles solucións a este problema. E que é un problema que necesita debate. Estudará as propostas. Indica que fai reserva de voto.

Dona Montserrat Lama manifesta tamén as súas dúbidas sobre se debe ser a Deputación Provincial a responsable. Considera que se debe avanzar e que todas as relixións deben avanzar, por exemplo os católicos ata agora metíase en nichos e agora se opta, pola incineración. Os países nórdicos, que nos levan moita vantaxe, fan cemiterios ecolóxicos e se te incineras as túas cinzas serven para plantar unha árbore. Xa se está facendo aquí nalgúns provincias do noso país. Os teus achegados visitan un ser vivo, un árbore. Indica que xa pensou sobre este tema nunha carácter ecolóxico. Respecta todas as culturas e relixións, así os musulmáns entende que entérranse directamente na terra enrolados unha sábana. E importante evolucionar a este tipo de cemiterios. Indica que estudará o tema, o valorará e o debaterá no Pleno. Fai reserva de voto.

Don Armando Ojea Bouzo di que é unha cuestión transcendental e non se debe impoñer o criterio persoal de cada un. O que tético para un, para outros é algo natural. Engade que na cultura galega tradicional os mortos están no cemiterio xunto cos vivos. Di que fai unha reserva de voto. No Concello xa se estudou o tema. Comenta unha cuestión sobre o recente falecemento dun senegalés que tivo que ser repatriado a seu país e no tanatorio non había sitio para facer o seu rito funerario, e tiveron que facer o acto nun corredor. Comparte que é hai necesidade. Reserva o voto pero di que é un tema no que debemos pensar.

A Sra. Presidenta da Comisión sinala que o seu Grupo fai reserva de voto para o Pleno.

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista di que non é unha cuestión de ser máis moderno ou menos. Debemos ter un abanico de posibilidades e que teñas liberdade para ser enterrado como queres. Hai familias que teñen os seus netos aquí, e cando falecen teñen

que repatriados, porque cando falecen non poden ser enterrados segundo as súas costumes, e soportan un custe como ocorreu cun musulmán que foi de catro mil cincocentos euros. Engade que debemos ter respecto de uns a outros. Respecto ao lugar a eles dálles igual en Ourense ou en Allariz, xa que vai a ser moito máis económico que repatrialos, trátase que cada un teña o seu espazo, eles aceptan ir nun ataúde, o que non aceptan son os nichos de cemento. Que cada un poida decidir. Engade que o obxecto da moción é o respecto e ter opción para todo o mundo con independencia da súa relixión.

Don Alvaro Vila Araujo di que en Institucións Penitencias, onde traballa, respectase a alimentación doutras culturas, a liberdade de culto, aínda que son persoas privadas de liberdade.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Provincial do BNG (1), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Instar á Deputación Provincial de Ourense á creación dun cemiterio intercultural supramunicipal na provincia, no que teñan acollida diferentes culturas do mundo, con fin de ofrecer un servizo básico a unha importante porcentaxe da poboación que, alta o de agora, estaba obrigada a afrontar custos extraordinarios para poder exercer unha liberdade de culto plena ou práctica aconfesional recollida na Constitución.

3º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A Sra. Presidenta da Comisión di que na anterior comisión don Bernardo Varela do BNG fixo unha pregunta sobre o listado de obras de arte adquirido pola Deputación, e engade que na Área de Transparencia lle informaron que están facendo un listado e cando o teña se lle trasladará a todos os Grupos.

E, ás 18.20 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

